



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria PO-552 Vigo-Tui, A Guarda.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2006 do persoal sanitario funcionario ao Servizo da Comunidade Autónoma, incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público de determinadas categorías de persoal estatutario de Servizo Galego de Saúde

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello da Coruña para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Comunidade das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl para contribuír ao mantemento do centro residencial asistencial
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación de padres o tutores de personas con discapacidade (ASPNAIS) para contribuír ao mantemento dos centros: residencial ocupacional, residencial asistencial e centro de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación comarcal de Viveiro de padres y niños adolescentes de educación especial (ASPANANE) para contribuír ao mantemento do centro ocupacional
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Comunidade das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl-Centro asistencial San Pablo e San Lázaro para contribuír ao mantemento do centro residencial asistencial
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación para la protección de personas con discapacidade (PRODEME) para contribuír ao mantemento dos centros: residencial ocupacional, ocupacional e vivenda rural
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Cruz Vermella, para contribuír ao mantemento dos centros: residencial asistencial e centro de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación de pais a favor das persoas con atraso mental de Ourense (SPANAS) para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional residencial, centro ocupacional e centro de día
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e entidade Asociación Club Recreativo As Burgas de padres a favor de personas con retraso mental, para contribuír ao mantemento dos centros: residencial ocupacional e centro ocupacional



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Toén para a finalización das obras de construción dunha escola infantil 0-3 anos integrada na rede galega de escolas infantís 0-3 (Galescolas)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Monte do Gozo, para o desenvolvemento do programa educativo-terapéutico Proxecto Home de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas aditas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Asociación de deficientes mentais da comarca de Chantada (ASDEME) para contribuír ao mantemento dos centros: ocupacional e vivenda comunitaria
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación provincial de pensionistas e xubilados (UDP) da Coruña para a implantación dun proxecto piloto de residencia xeriátrica na cidade da Coruña

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Deputación Provincial de Ourense e os concellos do Barco, A Rúa, Carballeda, Rubiá, Vilamartín, Petín, Larouco, O Bolo e A Veiga para a adquisición dun vehículo autoescada de rescate en altura para o Consorcio contra Incendios e Salvamento de Valdeorras
- Acordo polo que se autorizan os criterios de repartición do Fondo de Acción Social

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun Curso de Posgrao de Administración Financeira e Tributaria
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun Curso de Especialización en Dereito Tributario

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do VII Curso de especialización en patentes, marcas, dereito de autor e competencia
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do XI Máster en banca, finanzas e seguros
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun Máster de Economía sectorial internacional
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade da Coruña para a realización dun Máster en Administración financeira e tributaria
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Vigo para a realización do Máster en dereito tributario

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña para a mellora da intersección da estrada AC-552 coa Rolda de Nelle

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescado e Mariscos-Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos de la Pesca (ANFACO-CECOPECA) para o cofinanciamento dos subproxectos galegos do proxecto europeo INTERREG III A-INTERLAB
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e FICOSA GALICIA, S.L, para a creación dunha unidade de I+D+i en Galicia, dedicada á realización de proxectos de investigación e desenvolvemento de sistemas electrónicos avanzados



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a adquisición de infraestruturas científicas para a Aula de Produtos Lácteos
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actuacións de formacións en comercio exterior

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao contrato suscrito o 1 de agosto de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira pola que se amplía o importe máximo do módulo I do contrato programa establecido para o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2006
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao contrato suscrito o 1 de agosto de 2002 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Hospital de Barbanza pola que se amplía o importe máximo do módulo I do contrato programa establecido para o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2006

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha axuda económica de seis millóns oito mil cincocentos trinta e tres euros e noventa e sete céntimos a ACUIDOIRO, S.L. para a execución do proxecto "Ampliación de granxa mariña de rodaballo en Cervo (Lugo)" que se realizará nas instalacións da empresa en Cervo (Lugo)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración en materia de divulgación pesqueira entre a Xunta de Galicia e o Concello de Rianxo para a rehabilitación e ampliación da Aula Activa do Mar Santiago Gallego Picard

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de cervo e Burela, e polo que se autoriza a aprobación do gasto para a execución das obras: "Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Abastecemento aos concellos de Cervo e Burela (Lugo)" polo importe de 3.342.495,35 euros



CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos de ata o 50% do importe das subvencións, no momento da súa concesión, na orde de convocatoria para o ano 2007 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a resolución pola que se lle encargan a empresa pública Xestur-Ourense, S.A. os traballos técnicos e as obras de urbanización do polígono de actuación nº 2 do parque empresarial de Ribadavia

INFORMES

CONSELLERÍA EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta sobre as obras de emerxencia e a súa adxudicación á empresa "Técnicos Unidos para a Construción, S.A" en relación aos danos producidos polo temporal no IES Blanco Amor de Ourense
- Informe polo que se dá conta das obras de emerxencia e a súa adxudicación á empresa "Cubiertas e Pizarras de Galicia" en relación aos danos producidos polo temporal no IES Marco-Camballón de Vila Cruces (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta das declaracións de emerxencia das obras para solucionar a situación de grave perigo ocasionada temporais de choivas acaecidos nas provincias de Pontevedra e da Coruña, por importe de 7.960.637, 07 euros



A SANIDADE PÚBLICA GALEGA OFERTA 687 NOVAS PRAZAS, O QUE ELEVA A 3.148 AS CONVOCADAS ESTE ANO

- Do total de prazas, 585 son para médicos especialistas correspondentes a 45 categorías diferentes, 38 a matronas do Servizo Galego de Saúde, e as 64 restantes a farmacéuticos inspectores da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade
- Este mesmo ano, o Goberno galego aprobou o 20 de xullo outra oferta pública de emprego con 2.461 prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde
- Coa resolución destas ofertas públicas de emprego, cúmprese o compromiso de loitar contra a interinidade laboral na sanidade pública galega

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe dúas novas ofertas públicas de emprego cun total de 687 prazas que se distribúen en 585 correspondentes a médicos especialistas de 45 categorías diferentes, 38 para matronas, ambas do Servizo Galego de Saúde; e as 64 restantes pertencentes a farmacéuticos inspectores dependentes da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o pasado 20 de xullo deste mesmo ano outra oferta pública de emprego para un total de 2.461 prazas de persoal estatutario dun total de 26 categorías, co que se suman 3.148 prazas convocadas este ano.

Deste xeito, o Goberno galego cumpre o seu compromiso de loitar contra a interinidade laboral na sanidade pública galega e da convocatoria bienal de ofertas públicas de emprego.

Estas novas convocatorias distribúese nun total de 46 [ao engadirille a de matronas] categorías do Servizo Galego de Saúde.

ESPECIALIDADE	TOTAL
Alergoloxía	5
Análises clínicas	11
Anatomía Patolóxica	13
Anestesioloxía e reanimación	52
Anxioloxía e cirurxía vascular	12
Aparello dixestivo	14
Cardioloxía	19
Cirurxía cardiovascular	1
Cirurxía oral e maxilofacial	2
Cirurxía pediátrica	3
Cirurxía plástica, estética e reparadora	5



Cirurxía xeral e aparello dixestivo	19
Dermatoloxía medico-cirúrxica e venéreo	3
Endocrinoloxía e nutrición	9
Farmacía hospitalaria	27
Hematoloxía e hemoterapia	7
Inmunoloxía	1
Medicina do traballo	5
Medicina física e rehabilitación	8
Medicina intensiva	12
Medicina interna	31
Medicina nuclear	3
Medicina preventiva e saúde pública	4
Médico urxencias hospitalarias	33
Microbioloxía e parasitoloxía	6
Nefroloxía	5
Pneumoloxía	7
Neurocirurxía	8
Neurofisioloxía clínica	2
Neuroloxía	8
Obstetricia e xinecoloxía	42
Oftalmoloxía	18
Oncoloxía médica	10
Oncoloxía radioterapia	3
Otorrinolaringoloxía	10
Pediatría e as súas áreas específicas	19
Psicoloxía clínica	12
Psiquiatría	26
Radiodiagnóstico	22
Radiofísica hospitalaria	4
Reumatoloxía	3
Traumatoloxía e cirurxía ortopédica	20
Uroloxía	6
Xeriatria	2
Pediatras de Atención Primaria	53
Matronas	38
Total prazas	623



A estas prazas súmanselle as 64 prazas de persoal sanitario funcionario dos inspectores farmacéuticos da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade que se realizará polo sistema de concurso-oposición libre ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de saúde pública e administración sanitaria.

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego e para garantir os dereitos dos usuarios dos distintos servizos sanitarios ao seu uso, xunto coa promoción do emprego normal do galego por parte dos poderes públicos, terá que se acreditar o coñecemento da lingua galega nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Mellorar as condicións laborais dos facultativos que xa están a traballar no Servizo Galego de Saúde, e atraer a novos profesionais que resultan necesarios en especialidades como a de matrona ou pediatría, son dous dos obxectivos clave desta oferta, que responde ás políticas activas para a estabilidade de emprego que está a levar a cabo a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.

Ademais, esta oferta pública de emprego materializa o compromiso firme da sanidade pública galega de incrementar a dotación de recursos humanos no sistema sanitario, e diminúe a interinidade ata un dos niveis máis baixos do Sistema Nacional de Saúde.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 1,4 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NUN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES DA PO-552, ENTRE A GUARDA E O ROSAL

- O treito no que se mellorará a seguridade viaria está caracterizado pola presenza de vivendas unifamiliares e naves industriais en ambas as marxes da estrada

O Consello da Xunta aprobou hoxe a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na PO-552 Vigo-Tui no Treito de Concentración de Accidentes (TCA) localizado entre A Guarda e O Rosal. A obra, declarada de utilidade pública pola súa incidencia favorable na seguridade viaria, supón un investimento de 1.469.589,77 euros e desenvolverase entre os puntos quilométricos 49,200 e 51,400, en San Gregorio.

O treito en que se mellorará a seguridade viaria está caracterizado pola presenza de vivendas unifamiliares e naves industriais en ambas as marxes da estrada. A obra suporá a reordenación dos accesos mediante a realización de dous cambios de sentido e a implantación de dúas rotondas. Ten un prazo de execución de 7 meses.

Esta actuación de mellora da seguridade viaria neste treito de 2,2 quilómetros entre A Guarda e O Rosal engádese á obra de reforzo do firme de toda a PO-552 entre Vigo e Tui xa adxudicada o pasado 2 de novembro. Esa obra supón un investimento de 1,2 millóns de euros.

A XUNTA COLABORARÁ COA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO NO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA EDUCATIVO PARA A REINSERCIÓN SOCIAL DE PERSOAS CON ADICCIÓN

- Os obxectivos do proxecto son a integración harmónica e satisfactoria no ámbito familiar, social e laboral das persoas que están recibindo tratamento nos distintos programas

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia financiará con 237.000 euros o desenvolvemento do programa educativo-terapéutico Proxecto Hombre, que se centra na atención, rehabilitación e reinserción social de persoas con adicción ás drogas. O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Monte do Gozo. En virtude deste convenio, levaranse a cabo accións de reinserción social das persoas adictas así como de acollida e apoio social ás súas familias.

O programa desenvolverase nos dispositivos que a Fundación Monte do Gozo ten en seis cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo. As accións que se enmarcan no Proxecto Hombre establécense en réxime ambulatorio ou semi-residencial. Os obxectivos do proxecto son a integración harmónica e satisfactoria no ámbito familiar, social e laboral das persoas que están recibindo tratamento nos distintos programas.

Con estes 237.000 euros, a Xunta financia o 85 por cento do custo das 36 prazas das que dispón a Fundación Monte do Gozo para o servizo de acollida e apoio ás familias e o 85% das 36 prazas coas que conta no servizo de reinserción social.

Estas actuacións englobanse dentro dun programa marco denominado Proxecto Hombre de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas aos opiáceos. Este programa consta de tres fases, a de acollida que é de carácter ambulatorio e dura 5 meses, a de comunidade terapéutica, que se desenvolve durante 12 meses e a de reinserción social, con 11 meses de duración.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR COLABORA NA IMPLANTACIÓN DUN PROXECTO PILOTO DE RESIDENCIA XERIÁTRICA NA CIDADE DA CORUÑA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio coa Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña para a posta en marcha da iniciativa
- A esta iniciativa achegaranse un total de 1.541.538 euros por parte da Xunta
- A singularidade do proxecto de UDP da Coruña radica en que esta é a única asociación provincial de pensionistas e xubilados que en Galicia asume a responsabilidade dun centro de día

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña para a implantación dun proxecto piloto de residencia xeriátrica na cidade da Coruña. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará para esta iniciativa un total de 1.541.538 euros.

A través deste convenio a Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña executará a primeira fase de obras de construción dun centro residencial para maiores dependentes, que se situará na avenida Cádiz. A asociación comprométese a poñer en funcionamento o centro residencial antes de decembro de 2008 e a ofertar á Xunta a posibilidade de integrar na súa rede pública a través de concerto ou calquera outra figura legal o 70 por cento das prazas da residencia. Ademais, o colectivo deberá colaborar nas accións formativas de profesionais que interveñan na prestación de servizos ás persoas en situación de dependencia e a achegar á Xunta as experiencias do propio centro tanto na súa xestión como no resultado das súas investigacións e no uso das novas tecnoloxías.

A singularidade do proxecto de UDP – Coruña radica en que esta é a única asociación provincial de pensionistas e xubilados que en Galicia asume a responsabilidade dun centro de día (Centro de Día La Milagrosa) e tamén é a única que ten o proxecto de implantación dunha residencia xeriátrica. Ademais, UDP – Coruña ten asociado un proxecto de investigación coa Universidade da Coruña e estes resultados serán aproveitados pola Administración galega para a mellora da atención e coidado das persoas maiores, ao mesmo tempo que quere someter o sistema de acceso e servizos de xestión das prazas ás normas que a Xunta lles aplica aos seus propios centros.

A residencia xeriátrica na Coruña é un proxecto piloto, no que se refire a experiencias de xestión do centro por parte das propias persoas maiores, investigación das novas tecnoloxías e utilización do centro residencial para a formación de profesionais de prestación de servizos ás persoas en situación de dependencia. Este proxecto social



innovador suporá a asunción de risco e responsabilidade das persoas maiores polo que favorecerá a súa autonomía, integración social e autoestima. Ademais, está previsto un incremento dos servizos para as persoas en situación de dependencia, o aproveitamento das experiencias positivas deste centro piloto para mellorar a xestión dos correspondentes servizos da rede pública, así como a posibilidade de incorporar logo estes servizos á propia rede pública da Vicepresidencia.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS PARA O MANTEMENTO DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de nove convenios entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e diferentes entidades

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia financiará con preto de 5,5 millóns de euros o mantemento de centros de atención a persoas con discapacidade intelectual en diferentes puntos de Galicia, logo de que o Consello da Xunta, na súa reunión deste xoves, autorizase a sinatura de diferentes convenios de colaboración entre este departamento do Goberno galego e as distintas entidades.

Así, dunha banda, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta asinará un convenio de colaboración coa Asociación de Pais a favor das Persoas con Atraso Mental de Ourense (ASPANAS) para contribuír ao mantemento dos seus centros ocupacional residencial, ocupacional e centro de día. O departamento financiará deste xeito, con 1.016.316 euros, o desenvolvemento e mantemento do programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias que leva a cabo a dita entidade.

Mediante os acordos autorizados tamén esta mañá, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar financiará con 966.864 euros o desenvolvemento e mantemento do programa de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias da Asociación de Pais e Titores de Persoas con Discapacidade (ASPNAIS). A atención prestarase nos centros desta entidade: centro residencial ocupacional, centro ocupacional, centro residencial asistencial e centro de día.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar financiará tamén o desenvolvemento e o mantemento dos programas levados a cabo pola Asociación Comarcal para a protección das Persoas con Discapacidade (PRODEME) nos seus centros residencial ocupacional, centro ocupacional e vivenda rural. Tras o convenio de colaboración que se vai asinar, o departamento autonómico achegará 871.128 euros para financiar esta iniciativa.

Tras a autorización dada esta mañá polo Goberno galego, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asinará un convenio de colaboración coa Comunidade das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl para contribuír ao mantemento do seu centro residencial asistencial, por importe de 758.016 euros. Ao mesmo tempo, Vicepresidencia asinará outro acordo con esta mesma entidade e co centro asistencial San Pablo e San Lázaro para financiar o mantemento deste centro residencial asistencial cun importe de 642.408 euros.



A entidade Cruz Vermella é outra das entidades coa que se contribuirá para o mantemento dos seus programas de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias nos seus centros residencial asistencial e centro de día. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar vai achegar 569.616 euros para o convenio que asinará con Cruz Vermella, tras a autorización do Consello da Xunta.

Despois da autorización de hoxe por parte do Consello da Xunta, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asinará tamén un convenio de colaboración coa Asociación Club Recreativo As Burgas de padres a favor de personas con retraso mental para contribuír ao mantemento dos seus programas e dos seus centros residencial ocupacional e centro ocupacional. O importe total deste proxecto é de 304.836 euros.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar colaborará tamén coa Asociación de Deficientes Mentais da Comarca de Chantada (ASDEME) para contribuír ao mantemento do centro ocupacional e da vivenda comunitaria, cun investimento de 231.612 euros.

Así mesmo, a Asociación Comarcal de Viveiro de Pais e Nenos e Adolescentes de Educación Especial (ASPANANE) tamén recibirá 172.800 euros por parte da Vicepresidencia, tal e como autorizou hoxe o Goberno galego.

Actuacións e obxectivos

Mediante estes programas de atención ás persoas con discapacidade intelectual, as diferentes entidades desenvolverán as seguintes actuacións nos centros que xestionan: prestación dunha atención integral e personalizada a todos os usuarios; desenvolvemento óptimo das súas capacidades procurando os máis altos niveis de autonomía persoal; busca do equilibrio emocional e afectivo; realización da habilitación persoal e social; prestación da asistencia e coidados precisos a cada usuario; procura de contornos axeitados nos cales os usuarios teñan protección; e por último, prestación da información e orientación necesarios aos usuarios e ás súas familias.

Estas entidades teñen como obxectivos a defensa da dignidade e dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual, a promoción da integración social e da normalización das persoas con discapacidade intelectual e o fomento de actitudes sociais positivas para as persoas con discapacidade intelectual.

O CONCELLO DE TOÉN CONTARÁ CUNHA ESCOLA INFANTIL FINANCIADA POLA XUNTA CON 91.000 EUROS

- O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e este concello ourensán para finalizar as obras neste centro
- O centro pasará a xestionarse dentro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Toén para rematar as obras de construción da escola infantil de 0 a 3 anos neste municipio ourensán. O centro, ao que a Xunta destina un total de 91.107 euros, integrarase na rede Galescola e pasará a xestionarse dentro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A construción desta escola infantil xa foi financiada nunha primeira fase pola Xunta de Galicia a través dunha axuda concedida ao Concello de Toén por importe de 180.000 euros. A segunda fase das obras ten un orzamento inicial de 113.883,80, dos que a Xunta compromete a achega económica correspondente ao 80%, que se aboará en dúas anualidades correspondentes aos exercicios do 2006 (45.000 euros) e 2007 (46.107 euros). O concello asume o restante 20%, en total 22.776 euros.

Unha vez creado, o centro pasará a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do que se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento destes servizos, correspondéndolle un 30% ao concello e outro tanto aos usuarios.

A nova escola infantil de Toén formará parte da Rede Galescola que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia. En Ourense, establécese a creación de 18 galescolas, que permitirán que no 2007 esta provincia conte con 949 novas prazas para menores de entre 0 e 3 anos, un crecemento do 71,5%. Con este incremento de prazas, daráselle cobertura ao 39,7% da poboación menor de 3 anos, un índice que supera o recomendado pola Unión Europea, que é do 33%. Deste xeito, Ourense, xunto con Lugo, entran a formar parte dun grupo reducido de provincias que, en todo o Estado, cumpren o índice de cobertura de prazas recomendado pola Unión Europea.

A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVISTE 328.000 EUROS PARA A POSTA EN MARCHA DE NOVOS EQUIPOS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL NA CORUÑA E EN VIGO

- Ambas as administracións colaborarán así na execución do II Plan Galego de Inclusión Social

A Xunta e os concellos da Coruña e de Vigo colaborarán na contratación e posta en funcionamento dos equipos de inclusión sociolaboral, dentro da execución do II Plan Galego de Inclusión Social. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar investirá un total de 328.000 euros nestas dúas actuacións -164.000 euros en cada un dos casos-.

Os convenios que a Xunta vai asinar cos municipios da Coruña e de Vigo regularán a colaboración de ambas as administracións para a contratación e a posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral en cada un dos concellos para persoas e colectivos en situación ou en risco de inclusión social, residentes nos termos municipais da Coruña e de Vigo. Os novos equipos que se porán en marcha teñen por finalidade a promoción da inserción social e laboral dos colectivos en situación de grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, dende unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.

Os itinerarios individualizados de inserción sociolaboral serán deseñados e programados polos propios equipos coa participación activa das persoas destinatarias, adecuándose ás súas características persoais, sociais e profesionais. En todo caso, eses itinerarios sempre se establecerán para actuar sobre todas as carencias das persoas beneficiarias, incluíndo un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego, así como actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais cando as circunstancias o requiran.

II Plan Galego de Inclusión Social

Os novos equipos de inclusión que comezarán a traballar nos concellos de Vigo e da Coruña farano no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, deseñado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar desde unha formulación estratéxica, centrada en dar respostas globais e integradas, que respondan ás necesidades dos grupos e das persoas con maiores desvantaxes sociais, potenciando ao máximo a coordinación e a proximidade territorial.

Un dos obxectivos estratéxicos do Plan é aumentar a participación no mercado de traballo daqueles colectivos máis desfavorecidos, mediante políticas activas e personalizadas centradas en acadar a súa inserción sociolaboral. Na consecución



destes obxectivos, considérase crucial a colaboración dos concellos, posto que dispoñen de competencias no ámbito dos servizos sociais e constitúen a administración máis próxima aos cidadáns.

O GOBERNO GALEGO DESTINA 6,6 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DIRIXIDAS AO PERSOAL DA XUNTA

- Os criterios de repartición foron acordados entre a Dirección Xeral da Función Pública e os sindicatos con representación na mesa de negociación
- O prazo de presentación de solicitudes comezará en xaneiro unha vez se publique o texto do acordo no Diario Oficial de Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo de criterios de repartición do Fondo de Acción Social da Xunta de Galicia do ano 2006 suscrito entre Administración autonómica e as organizacións sindicais con representación na mesa xeral de negociación de Galicia (CIG, CCOO, UGT e CSI-CSIF). Este fondo ascende a 6.663.140 euros (300.000 euros máis que en 2005).

Segundo este acordo, o Fondo de Acción Social será repartido segundo o baremo que en cada axuda se establece e que comprende as seguintes situacións e as seguintes contías:

- 1.-xubilación: cun importe total de 800.909,42 (12,02% do total) con axudas de 3.500 euros
- 2.-discapacitados: 1.110.079,12 (16,65%) con axudas mínimas de 1.298 e máxima de 2.800 euros
- 3.-fillos menores: 1.465.890,80 euros (22%) con axudas mínimas de 150 euros e máximas de 400 euros
- 4.-estudo de fillos: 1.659.788,17 euros (24,91%) con axudas mínimas de 70 euros e máximas de 300 euros
- 5.-estudos traballador: 276.520 (4,15%) con axudas mínimas de 180 euros e máximas de 700 euros
- 6.-vivenda: 960.158,47 euros (14,41%) con axudas mínimas de 1.532 euros e máximas de 2.500 euros
- 7.-maiores a cargo: 257.863,52 euros (3,87%) con axudas mínimas de 200 euros e máximas de 800 euros
- 8.-gastos sanitarios: 131.930,18 euros (2,36%) con axudas de 50 euros

No Fondo de Acción Social do ano 2006 hai que destacar a inclusión dunha nova liña de axuda, dentro da de gastos sanitarios, destinada á adquisición de produtos específicos para a alimentación de enfermos celíacos e trastornos similares de intolerancia a alimentos de carácter xenérico.

O texto publicarase no Diario Oficial de Galicia previsiblemente a principios do mes de xaneiro, abríndose o prazo de presentación de solicitudes desde o día seguinte ao da súa publicación.

O PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE VALDEORRAS TERÁ UN NOVO VEHÍCULO AUTOESCADA DE RESCATE EN ALTURA EN 2007

- O seu valor ascende a 456.000 euros, dos que a Xunta achegará a metade
- A Deputación provincial financiará o 30 por cento do custe do vehículo e os concellos que forman parte do consorcio xestor o 20 por cento restante

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, a Deputación Provincial de Ourense e os concellos do Barco, A Rúa, Carballeda, Rubiá, Vilamartín, Petín, Larouco, O Bolo e A Veiga para a adquisición dun vehículo autoescaleira de rescate en altura para o Consorcio contra Incendios e Salvamento de Valdeorras.

A sinatura da addenda permitirá a ampliación da vixencia do dito convenio asinado, o pasado mes de setembro, entre as citadas entidades. Deste xeito, estará vixente ata o 31 de decembro de 2007 permitindo a compra dun vehículo autoescada de rescate en altura para o parque comarcal de bombeiros de Valdeorras ao longo do próximo ano.

O vehículo está valorado en 456.000 euros. A Xunta de Galicia ten previsto achegar 228.000 euros, o 50% do seu custo, a deputación ourensá achegará 136.800 euros (o 30%) e os concellos consorciados 91.200 euros (20%).



A XUNTA DE GALICIA COLABORA COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS NA REALIZACIÓN DE CURSOS DE POSGRAO

- Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de varios convenios entre a Consellería de Economía e Facenda e as tres universidades galegas para regular as accións de colaboración neste sentido
- Trátase de sete cursos de posgrao aos que a Xunta destinará un total de 147.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Economía e Facenda para a sinatura de varios convenios de colaboración coas tres universidades galegas co fin de apoiar a realización de másters e cursos de posgrao en materia económica e financeira. A autorización inclúe sete destes cursos aos que se destinará un total de 147.000 euros.

A sinatura dos ditos convenios permitirá a realización na Universidade de Santiago de dous másters e tres cursos: o XI Máster en banca, finanzas e seguros; o Máster de economía sectorial internacional; o Curso de posgrao de administración financeira e tributaria; o Curso de especialización en dereito tributario; e o VII Curso de especialización en patentes, marcas, dereito de autor e competencia. No caso da Universidade da Coruña, a Consellería de Economía e Facenda apoiará o Máster en administración financeira e tributaria; mentres que no caso da Universidade de Vigo colabora co Máster en dereito tributario.

A Consellería de Economía e Facenda expresa deste xeito o seu compromiso coa formación das novas xeracións en materias financeiras e fiscais propias da súa competencia, contribuíndo á formación de especialistas nestas áreas do coñecemento.



POLÍTICA TERRITORIAL E O CONCELLO DA CORUÑA COLABORAN NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA INTERSECCIÓN ENTRE A AC-552 E A ROLDA DE NELLE

- Este departamento do Goberno autonómico financiará con 180.000 euros o custe do elaboración do proxecto técnico de execución da obra

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e máis o Concello da Coruña colaboran nas actuacións de mellora da intersección entre a travesía urbana da estrada AC-552 e a Rolda de Nelle, na Coruña, co obxectivo de incrementar a seguridade viaria neste enlace.

Segundo o acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta, Política Territorial financiará con 180.000 euros o custo do elaboración do proxecto técnico de execución da obra.

Cómpre salientar que o núcleo urbano da Coruña foi estendéndose ao longo da AC-552, polo que agora está consolidada como unha travesía urbana en que é necesario realizar unha serie de actuacións no eido da seguridade viaria para adaptar esta infraestrutura á nova realidade urbanística que a circunda, e mellorar as condicións de seguridade dos peóns e vehículos.

Política Territorial encargárase de financiar e aprobar o proxecto técnico mentres que o Concello da Coruña, segundo un convenio que se asinará proximamente, redactará o dito proxecto.

A AULA DE PRODUTOS LÁCTEOS DA USC CONVERTERASE EN CENTRO TECNOLÓXICO DO SECTOR

- A Consellería de Innovación e Industria investirá 500.000 euros para a adquisición de infraestruturas científicas
- Esta actuación enmárcase no Plan Galego de I+D+i que pretende favorecer a creación de novos centros tecnolóxicos naquelas áreas nas que exista demanda suficiente

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá un convenio de colaboración de 502.790 euros entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a adquisición de infraestruturas científicas para a Aula de Produtos Lácteos da USC (APL). Con esta actuación eméndanse as carencias máis urxentes e necesarias para a conversión da Aula de Produtos Lácteos nun Centro Tecnolóxico, no Centro de Competencias do Sector Lácteo.

A Aula de Produtos Lácteos é un centro de investigación integrado no Instituto de Investigación e Análises Alimentarias da USC, que desde fai 14 anos presta apoio integral ao sector lácteo coa execución de proxectos de formación, investigación e desenvolvemento e de actividades de asesoramento a empresas e institucións.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica conta cun Programa de articulación do sistema galego de innovación que ten como obxectivo favorecer a creación de novos centros tecnolóxicos e de investigación naquelas áreas en que exista demanda suficiente. Dado que o leite e os seus derivados constitúen un sector de gran transcendencia para a economía galega, a Consellería de Innovación e a Universidade de Santiago consideran de interese a potenciación da Aula de Produtos Lácteos e a súa reconversión nun Centro de Competencias do Sector Lácteo. O plan de I+D+i recolle ademais un programa específico de “tecnoloxías da alimentación” que presta atención aos proxectos relacionados con produtos de destacada presenza en Galicia, como é o leite.

Como fase previa ao proceso de reconversión en Centro Tecnolóxico é preciso emendar as carencias máis acuciantes que limitan o normal funcionamento da Aula na actualidade, debido á obsolescencia dalgunhas das súas infraestruturas de investigación. Por isto, a Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de I+D+i, investirá 502.790 euros para a adquisición de infraestruturas científicas para a Aula de Produtos Lácteos, concretamente dun dosificador aséptico de aditivos en liña; un analizador de leite con tecnoloxía ftir; unha desnatadora autodeslodante; unha envasadora rotativa ultralimpa; un lactofermentador presurizado con axitación; un envasador de baleiro/atmosfera modificada; unha reforma da caldeira de vapor; un sistema de análise de proteínas



Kjeldahl; un compresor de aire de parafuso; un rexistrador electrónico de temperaturas; un tanque aséptico con axitación; a instalación dos equipamentos na planta piloto, e un equipamento de Ultrafiltración.

A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA COLABORA COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN DOUS CURSOS ESPECIALIZADOS EN COMERCIO EXTERIOR

- Esta consellería achegará 118.800 euros para a realización dun Máster de dirección e xestión de comercio exterior e dun Curso de formación de consultores de comercio exterior

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago (USC) para a realización de dúas actuacións formativas en materia de comercio exterior. En concreto trátase da XVI edición do Master de dirección e xestión de comercio exterior (curso 2006-2007) e a I edición do Curso de formación de consultores de comercio exterior (curso 2007).

Para a realización destes dous cursos, a Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, achegará á USC 118.800 euros.

Este convenio enmárcase na política que está a desenvolver a Consellería de apoio a todas as iniciativas que favorezan e propicien o crecemento do comercio exterior de Galicia, especialmente aquelas desenvolvidas nas áreas da promoción, a información e a formación. Neste senso, véñense asinando sucesivos convenios de colaboración para a realización dun Curso de posgrao sobre comercio exterior e que se configurou posteriormente nun Máster de Dirección e xestión de comercio exterior. A relevancia do máster baséase tanto na utilidade de formación multidisciplinar que se imparte como na posterior realización de prácticas formativas en empresas galegas, co fin de achegar ao alumnado a realidade en que se vai desenvolver a súa actividade laboral e complementar a súa competencia profesional.

Por outra banda, co obxecto de facer fronte á crecente demanda de servizos especializados en temas de comercio internacional, faise preciso a realización dun Curso de formación de consultores en comercio exterior, dirixido ao persoal técnico e directivo das empresas galegas con vocación exportadora e tamén aos profesionais das consultoras do país que busquen formarse neste ámbito, para desenvolver a súa actividade de asesoramento e consultoría nas empresas exportadoras galegas.

A XUNTA FINANCIA CON PRETO DE 500.000 EUROS A CREACIÓN DUNHA UNIDADE DE I+ D+ i NO CENTRO TECNOLÓXICO DA AUTOMOCIÓN EN VIGO

- A creación desta unidade supón un paso estratéxico para a posta en marcha do futuro Centro de Excelencia en Electrónica Avanzada de Galicia

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a entidade Ficosa Galicia para a creación no Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) en Vigo dunha unidade de I+ D+ i dedicada á realización de proxectos de investigación e desenvolvemento de sistemas electrónicos avanzados no sector da automoción. O CTAG constitúe o elemento clave para a creación do futuro Centro de Excelencia en Electrónica Avanzada de Galicia e coa creación desta unidade dáse un paso estratéxico para a súa creación.

O Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia colabora habitualmente co grupo Ficosa no desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación tecnolóxica nos campos de sistemas avanzados de axuda á conducción e sistemas telemáticos. Esta colaboración é posible porque Ficosa é unha compañía centrada fundamentalmente na tecnoloxía, deseño e produción de compoñentes para automóbiles, sendo na actualidade provedor global en desenvolvemento e produción de sistemas e compoñentes para a maioría de vehículos de todo o mundo. No marco desta cooperación o grupo empresarial constituíu recentemente a sociedade Ficosa Galicia co obxecto de promover a investigación, desenvolvemento, deseño e innovación de aplicacións e compoñentes para os sectores da automoción, naval, aeroespacial e defensa, para a súa venda e/ou explotación comercial.

Mediante o convenio aprobado hoxe, Ficosa Galicia comprométese a levar a cabo as seguintes actuacións: desenvolvemento de antenas preparadas para ofrecer recepción de televisión dixital terrestre nos vehículos e desenvolvemento dun sistema LDW (Lane Departure Warning) baseado na visión con cámara integrada en pé de espello retrovisor interior, e actividades de soporte ao grupo para o desenvolvemento e posta a punto do sistema BSD (Blind Spot Detection).

Estas actuacións teñen un investimento estimado de 700.000 euros. A Consellería de Innovación e Industria destinará para o seu financiamento 490.291 euros, o 70% da contía total. Esta axuda está financiada nun 75% con fondos FEDER e no 25% con fondos FCI e con fondos propios da Comunidade Autónoma. O convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2006. Para efectos de xustificación consideraranse todas as actuacións desenvolvidas desde o 1 de agosto de 2006.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ 202.497 EUROS AO PROXECTO INTERLAB DO SECTOR ALIMENTARIO DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

- Este proxecto enmárcase dentro da liña de traballo da Consellería de Innovación e Industria, que ten interese en promover proxectos de ámbito europeo e potenciar actividades de I+ D+ i nos sectores agrario, gandeiro e forestal

O Consello da Xunta de Galicia deu a súa aprobación esta mañá a un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescado y Mariscos –Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos de la Pesca (ANFACO-CECOPECA) para o cofinanciamento con 202.497 euros do proxecto INTERLAB.

Este proxecto enmárcase dentro da liña de traballo da Consellería de Innovación e Industria, que ten interese en promover proxectos de ámbito europeo e potenciar actividades de I+ D+ i nos sectores agrario, gandeiro e forestal tal e como establece o programa de medio rural do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. Con este convenio, a Consellería de Innovación e Industria cofinanciará os subproxectos do INTERLAB liderados pola Aula de Produtos Lácteos da USC, o Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e ANFACO-CECOPECA, dada a transcendencia que ten o sector alimentario en Galicia e a importancia de optimizar a relación das empresas do sector cunha rede de centros que realicen unha oferta integrada de servizos de apoio I+ D+ i e ao control da calidade.

Para cumprir estes obxectivo a Consellería de Innovación e Industria comprométese a achegar a cantidade total de 202.497,09 euros con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2006 e o 2007. As axudas concedidas poderán destinarse aos seguintes conceptos: custo de persoal adicional técnico-científico, custo de persoal técnico do APL, LOMG e ANFACO-CECOPECA, custo de adquisición de equipamentos e instrumental precisos para a realización dos subproxectos, custo de servizos tecnolóxicos externos, custo de adquisición de materiais funxibles e custos de viaxes relacionadas coa execución dos subproxectos.

O obxectivo xeral do proxecto INTERLAB é optimizar a relación das empresas do sector alimentario da Eurorrexión cunha rede de centros que realicen unha oferta integrada de servizos de apoio ao I+ D+ i e ao control da calidade. Concretamente, márcase como obxectivo a creación dunha rede coherente de I+ D+ i que abarque a



problemática de innovación da industria alimentaria da Eurorrexión; a análise da oferta e a demanda de servizos de apoio ao control da calidade e I+D das empresas alimentarias; a elaboración dunha metodoloxía de apoio ás PEMES de menor tamaño nos aspectos relacionados coa innovación e as políticas de calidade; a valorización das instalacións e tecnoloxías dos laboratorios participantes no proxecto; o establecemento de mecanismos de cooperación e intercambio de mostras e servizos estables; o deseño dunha campaña de difusión da oferta combinada e do potencial específico de cada socio e a instauración dun portal web con acceso ao catálogo de servizos de cada laboratorio, favorecendo a implantación da sociedade da información no ámbito de actuación.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE AMPLÍA O ORZAMENTO DESTINADO Á PRESTACIÓN SANITARIA NOS HOSPITAIS COMARCAIS DA BARBANZA E VIRXE DA XUNQUEIRA DE CEE

- A cantidade destinada ao Hospital da Barbanza amplíase en 996.125 euros, resultando un importe total para o ano 2006 de 16.068.010 euros
- Pola súa banda, a do Hospital Virxe da Xunqueira de Cee amplíase en 1.076.484 euros, ata acadar os 14.075.056 para todo o ano 2006

O Servizo Galego de Saúde amplía o orzamento destinado á prestación sanitaria nos hospitais Comarcais da Barbanza e o Virxe da Xunqueira de Cee, que se ten superado a actividade inicialmente prevista. Con ambos os dous centros hospitalarios a Sanidade pública galega ten asinado un contrato programa que establece, no seu módulo I, as diversas modalidades asistenciais que realizarán.

Fíxase tanto a carteira de servizos como o volume e o custo estimado da actividade nas distintas modalidades asistenciais. Establécense así as prestacións sanitarias e as actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria que vai prestar este centro.

Así, o Consello da Xunta aproba a ampliación do orzamento da Fundación Hospital Comarcal da Barbanza en 996.125 euros, resultando un importe total para o ano 2006 de 16.068.010 euros. Pola súa banda, o Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira de Cee amplíase en 1.076.484 euros, acadando os 14.075.056 para todo o ano 2006.



A CONSELLERÍA DE PESCA ACOMETERÁ AS OBRAS DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DA AULA ACTIVA DO MAR SANTIAGO GALLEGO PICARD, EN RIANXO

- Coa mellora das instalacións poderase incrementar a oferta divulgativa deste centro promovido polo Concello de Rianxo
- Nesta actuación investiranse un total de 270.000 euros

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Xunta, a través da Consellería de Pesca, e o Concello de Rianxo para a rehabilitación e ampliación da aula activa do mar Santiago Gallego Picard, por importe de 270.000 euros, que se imputarán con cargo aos orzamentos xerais de 2006, 2007 e 2008.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ten entre as súas competencias as relativas á divulgación en materias referidas á pesca, ao mar e ás actividades marítimo-pesqueiras en xeral, que desenvolve a través dos seus propios recursos, tanto directamente como en colaboración con terceiros.

Neste sentido, o programa de actuacións para este ano establece diversas accións encamiñadas a potenciar e dotar de pequenos centros de divulgación aos portos do litoral con tradición pesqueira. Estes centros deben cumprir a función de dar a coñecer a realidade do mundo do mar e promover o recoñecemento social do pescador, favorecendo as prácticas de pesca responsable e fomentando o consumo dos produtos pesqueiros de calidade da frota artesanal.

Entre os ámbitos de actuación previstos pola Consellería de Pesca encóntrase a cooperación coas entidades que promovan accións de divulgación mediante centros permanentes que programen e executen actividades ao longo de todo ano. Neste contexto, a aula activa do mar Santiago Gallego Picard, promovida polo Concello de Rianxo, cumpre con todos os parámetros deste tipo de actuacións polo que dende a Xunta se considera prioritario o seu apoio e dinamización.

Entre as limitacións que a devandita aula presenta actualmente está o espazo de que dispón que condiciona o seu bo funcionamento xa que, a pesar de que o ámbito expositivo pode ser suficiente, carece de dispoñibilidade para poder celebrar aulas e talleres.

O Concello de Rianxo amosou o seu interese en potenciar e dinamizar este centro divulgativo como parte dun conxunto de actuacións orientadas ao mar, polo que considerou prioritaria a colaboración do departamento autonómico para levar a cabo os seus obxectivos.



O Concello de Rianxo é propietario do predio e do edificio onde se atopa instalada esta aula, que conta con posibilidades de ampliación por permitilo así a normativa urbanística do Concello. A ampliación proxectada permitiría incrementar a oferta divulgativa, coincidindo deste xeito cos obxectivos da Consellería de Pesca.

Nesta liña, o Concello de Rianxo manifestou a súa disposición para desenvolver o dito proxecto, mentres que a Consellería de Pesca se comprometeu a financiarlo cun orzamento total de 270.000 euros, dos cales 27.000 se destinarían xa este ano, 140.000 no ano 2007 e os 103.000 euros restantes no 2008.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS Á AMPLIACIÓN DUNHA GRANXA MARIÑA DE RODABALLO EN CERVO

- Trátase da empresa Acuidoro S.L. situada no Polígono Industrial de Cuíña, no Concello de Cervo (Lugo)

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a concesión de 6.008.533,97 euros en concepto de axuda para a ampliación de empresa Acuidoro S.L., unha granxa mariña de cría e engorde de rodaballo situada no Polígono Industrial de Cuíña, no Concello de Cervo, en Lugo. Esta actuación encádrase na orde pola que se regulan as axudas a investimentos no ámbito da acuicultura mariña, dentro do marco dos fondos europeos IFOP 2000-2006.

O proxecto foi presentado ante a Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca na convocatoria de axudas do ano 2006 e cumpría todos os requisitos necesarios para poder ser beneficiario desta subvención.

Deste xeito, o Executivo galego destinará máis de 6 millóns de euros a financiar o 50 por cento da ampliación da granxa, que recentemente se dotou de novas infraestruturas. O proxecto establece a construción dunha nave industrial de 27.705 metros cadrados con 413 balsas de cría e engorda no seu interior. As obras supuxeron aumentar a planta inicial en máis de 21.000 metros cadrados de superficie de cultivo. Ademais, creouse un edificio auxiliar destinado á clasificación, almacenamento e expedición, dotado con dúas plantas e unha superficie total de máis de 2.000 metros cadrados. A empresa ten como obxectivo aumentar a súa capacidade de produción en 900 toneladas anuais, o que suporía chegar a cifra das 1.350 toneladas.

MEDIO AMBIENTE DESTINA 3,3 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAS NAS REDES DE ABASTECIMENTO DE CERVO E BURELA (LUGO)

- Esta contía achegarase a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), destinará 3.342.495 euros a melloras na rede de abastecemento dos concellos lucenses de Cervo e Burela. O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto para a execución do proxecto, que estará cofinanciado polo Goberno galego e o Consorcio para a Xestión e Explotación da Rede Básica de Abastecemento nestes municipios, e que ten un custo total de 5.570.825 euros.

O departamento autonómico asumirá o 60% do custo da obra, que se distribuirá en dúas anualidades, a primeira de 2.785.412 euros con cargo aos orzamentos do vindeiro ano, e a segunda de 557.082 euros correspondente ao 2008.

Pola súa banda, o Consorcio para xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela contribuirá ao financiamento do 40% restante, mediante dúas achegas de 1.336.998 euros e de 891.332 euros nos anos 2008 e 2009 respectivamente.

O proxecto, que ten un prazo de execución de 24 meses, consistirá na instalación dun sistema integral de abastecemento, mediante o cal os devanditos concellos compartirán os recursos existentes.

As obras previstas centraranse na construción dunha nova estación de tratamento de auga potable (ETAP), que recibirá auga dende a presa da Rúa e dende o encoro do río Covo. Para isto realizarase a dragaxe da presa de Rúa e construírse unha conducción dende este punto ata a nova ETAP. Tamén se acometerá unha nova captación dende o encoro do río Covo á ETAP mediante bombeo e realizarase a conducción da auga tratada ata a rede de abastecemento.

Así mesmo, vaise renovar a rede de distribución dalgúns puntos do municipio de Cervo, que debido á súa antigüidade sofre perdas e roturas continuas, e construírse unha pequena ETAP para o tratamento da auga que reciben os núcleos do interior deste concello. As obras completaranse co abastecemento as zonas de Vieiro, Freixo, Murazos e Cal e a renovación e ampliación da conducción que abastece os pobos de Gondrás e O Castelo.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO INVESTIRÁ MÁIS DE 46 MILLÓNS NA INCORPORACIÓN DE FORMACIÓN OCUPACIONAL ADAPTADA AO TECIDO PRODUTIVO DE CADA COMARCA

- Por primeira vez o Goberno galego establece as prioridades de formación tras unha exhaustiva análise do mercado laboral de cada municipio e coa avaliación dos axentes económicos e sociais
- Homologaranse centros de forma provisional para incorporar canto antes determinadas modalidades profesionais nas que hai carencia de traballadores

O Consello da Xunta autorizou hoxe as prioridades de formación ocupacional establecidas pola Consellería de Traballo para cada comarca de Galicia para o vindeiro ano. Trátase da convocatoria de 2007 do Plan de Inserción e Formación Ocupacional (FIP), pola que se fixa a oferta de cursos aos que os centros de cada comarca poderán optar á hora de determinar os estudos que queren impartir o próximo exercicio. En virtude deste plan, o Goberno galego investirá máis de 46 millóns de euros na implantación en cada comarca dos cursos de formación ocupacional que o seu tecido produtivo require. Os centros e entidades interesados poden consultar a relación de cursos correspondentes ás distintas comarcas na páxina web da Consellería de Traballo (<http://traballo.xunta.es/>).

A principal novidade da orde FIP deste ano é a exhaustiva análise desenvolvida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación para determinar as ocupacións que son máis requeridas en cada comarca de Galicia. O obxectivo é proporcionar oportunidades de emprego ás bolsas de desempregados que hai nos municipios, que en moitos casos dispoñen de posibilidades de formación que non se axustan co tecido produtivo da zona.

A Dirección Xeral de Formación e Colocación, dirixida por Pastor Fuenteseca, traballou ao longo de todo o ano coa intención de revertir esta situación, a partir do estudo de datos obxectivos recadados coa colaboración dos técnicos da Consellería, as entidades colaboradoras, os axentes económicos e sociais e, por suposto, as propias oficinas do Servizo Galego de Colocación.

Así pois, as prioridades comarcais fundamentáronse a partir dos seguintes traballos:

- Evolución da afiliación á Seguridade Social das distintas actividades en cada comarca
- Análise das ofertas de emprego que as empresas presentan no Servizo Público de Emprego
- Análise das ocupacións e cursos solicitados polos demandantes de emprego
- Enquisas aos axentes de desenvolvemento local

- Propostas das Comisións Sectoriais constituídas polo Instituto Galego das Cualificacións, correspondentes aos distintos sectores de actividade, nas que participan representantes sindicais e empresariais
- Catálogo de ocupacións de difícil cobertura
- Programación de formación profesional, tanto ocupacional coma regrada, xa existente en cada comarca

Homologación provisional de centros

As prioridades de formación establecidas pola Consellería de Traballo poderán ser impartidas nos centros que xa estean homologados para a correspondente modalidade formativa. Non obstante, o Goberno galego abre a posibilidade da homologación provisional de centros, coa finalidade de incorporar canto antes cursos formativos correspondentes a ocupacións para as que escasean os profesionais.

Así pois, os centros ou entidades colaboradoras que imparten formación ocupacional poden solicitar a homologación provisional para impartir os cursos que a Consellería de Traballo prioriza nas distintas comarcas.

Para estes dous casos, o prazo de que dispoñen os centros para solicitar cursos rematará un mes despois da publicación da orde FIP no DOG.

Asemade, as prioridades de formación ocupacional poderán ser impartidas a través de cursos desenvolvidos en virtude de convenios de colaboración. Estes serán asinados en función de necesidades formativas que vaia detectando ao longo do ano a Dirección Xeral de Formación e Colocación. Por outra banda, tamén hai a modalidade dos cursos que se desenvolven co compromiso de contratación inmediata dos alumnos.

Para estes últimos casos, as entidades interesadas deben presentar a solicitude correspondente antes do 30 de setembro de 2007.

Novos criterios para avaliar as solicitudes

Como é lóxico, os centros de formación ocupacional poderán solicitar os cursos que desexen para incorporalos á súa oferta docente. Non obstante, a Consellería de Traballo axustou os criterios de avaliación das solicitudes, coa finalidade de incentivar a incorporación das prioridades formativas que se precisan en cada comarca. Así pois, primaranse as solicitudes de programación prioritaria comarcal.

Por outra banda, primarán as solicitudes de centros que comprometan a inclusión no curso de prácticas profesionais non laborais, así como as dos centros ou entidades que garantan inserción laboral.

A Dirección Xeral de Formación e Colocación tamén terá especialmente en conta as especialidades ou módulos formativos que se axusten aos certificados de profesionalidade. Estes certificados foron postos en marcha polo Goberno galego para facilitar a aqueles traballadores que non contan cun título homologado unha certificación da súa capacitación profesional, para o que deben superar un exame teórico-práctico previo.

Por último, a calidade do centro será outros dos aspectos relevantes que valorará a Consellería.

Obrigas dos centros

A Consellería de Traballo esixirá aos centros de formación que elaboren, ao respecto das súas distintas accións formativas, un informe individualizado de cada alumno, no que se recollan os progresos acadados en cada un dos módulos profesionais.

Aos centros corresponderá tamén a selección directa dos demandantes de emprego que accederán a cada curso, a partir dos aspirantes que lles remita o Servizo Galego de Colocación. Para iso deberán facer as entrevistas previas correspondentes, co fin de axeitar o máximo posible o perfil laboral do alumno acción formativa en cuestión. Sen embargo, cómpre destacar que os centros incorporarán de forma directa a aqueles demandantes de emprego que contan cun itinerario persoalzado de inserción laboral. Nestes casos os alumnos son remitidos directamente pola rede de orientadores laborais da Consellería de Traballo.

Por outra banda, os centros terán a obriga de impartir o Curso Básico de Prevención de Riscos Laborais nas familias profesionais de Edificación e obras públicas e de Industrias pesadas e construcións metálicas.

Bolsas

Os alumnos non perceptores de prestacións poden recibir bolsas da Consellería de Traballo sempre e cando cursen accións formativas incluídas no seu itinerario de inserción laboral. Están dirixidas aos seguintes casos:

- Demandantes de emprego con fillos menores de 16 anos ou con discapacidade
- Parados de longa duración
- Mulleres que se incorporan a accións formativas das ocupacións nas que están subrepresentadas: construción, metal, transporte ou madeira
- Discapacitados cunha minusvalía superior ao 33%

No primeiro caso, os alumnos percibirán o 100% do IPREM (Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples). Nos restantes percibirán o 75% do IPREM.



A XUNTA INVESTIRÁ 3,1 MILLÓNS DE EUROS PARA A ELABORACIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS E OBRAS DE URBANIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA

- A superficie da ampliación que desenvolverá a Consellería de Vivenda e Solo ascende a 61.540 metros cadrados

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o investimento de 3.135.926 euros para a elaboración dos traballos técnicos e as obras de urbanización da segunda fase do Parque Empresarial de Ribadavia. A superficie total desta ampliación ascende a 61.540 metros cadrados de solo produtivo.

O proxecto de urbanización da segunda fase xa recibiu a aprobación definitiva por parte do Concello de Ribadavia, polo que, unha vez concluído este trámite, a Consellería de Vivenda e Solo está en disposición de licitar as obras de urbanización, ás cales vai destinado o groso da achega económica prevista para esta actuación. A previsión do departamento autonómico é convocar o concurso público para a contratación das obras de urbanización en xaneiro de 2007, unha vez elaborado o prego de bases que rexerá o concurso no que a Consellería xa está traballando. O obxectivo é comezar a execución das obras de urbanización no primeiro trimestre de 2007.

Da superficie total da ampliación, 61.540 metros cadrados, destinaranse a uso empresarial 35.273 m² distribuídos en 29 parcelas cunha superficie de entre 584 e 2.500 metros cadrados, para adaptarse ás diferentes necesidades de espazo das empresas. O resto da superficie destinarase a servizos, espazo dotacional e zonas verdes.

Co desenvolvemento desta segunda fase, a Consellería de Vivenda e Solo amplía a oferta de solo produtivo na comarca do Ribeiro, tendo en conta que a primeira fase do Parque Empresarial de Ribadavia ten unha superficie de 51.673 metros cadrados e un total de 20 parcelas das que tan só quedan dúas sen vender.

Esta actuación enmárcase dentro do obxectivo da Consellería de Vivenda e Solo de crear solo empresarial baixo os criterios de demanda e reequilibrio territorial.



EDUCACIÓN INVISTE 100.000 EUROS NA REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLO TEMPORAL EN CENTROS DE OURENSE E PONTEVEDRA

- A Administración educativa achega 40.000 euros á reparación da cuberta do IES Marco do Camballón de Vila de Cruces (Pontevedra)
- As obras de reposición da cuberta no IES Blanco Amor de Ourense ascenden a 60.000 euros

O Consello da Xunta foi informado da tramitación e adxudicación de obras de emerxencia no Instituto de Ensinanza Secundaria (IES) Marco do Camballón de Vila de Cruces (Pontevedra); e no IES Blanco Amor de Ourense, a causa dos desperfectos orixinados polo temporal do 8 de decembro. Estas actuacións contan cunha dotación total de 100.000 euros.

Os fortes ventos do temporal produciron o desprendemento dunha parte da cuberta do edificio do IES Marco do Camballón. Estes danos afectaron en xeral a todos os espazos e instalacións do centro, debido á gran cantidade de auga que entrou no interior do edificio. Esta circunstancia impedía o desenvolvemento das actividades educativas, polo que a delegación provincial decidiu declarar a emerxencia das obras, que adxudicou á empresa Cubiertas y pizarras Galicia S. L., por un orzamento de 40.000 euros.

No IES Blanco Amor de Ourense, o temporal provocou o desprendemento de gran parte da cuberta e o desprazamento da chapa ao patio interior do recinto escolar, producindo pola súa vez a deterioración doutra zona da cuberta do edificio. Ante a necesidade inmediata de reparación dos danos causados polo temporal no edificio, e co fin de que as actividades académicas puidesen desenvolverse sen risco para o alumnado, a Delegación Provincial de Ourense tomou as medidas necesarias para que fosen retiradas do patio as chapas levantadas da cuberta. Ademais, procedeu ao valado das zonas perigosas e á execución das obras necesarias para repoñer de forma inmediata a zona da cuberta do edificio que fora levantada polo temporal.

A obra foi adxudicada á empresa Técnicos Unidos para a Construcción, S. A. (TUCONSA) pola cantidade de 60.000 euros.



A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 8 MILLÓNS DE EUROS NAS ACTUACIÓNS PARA PALIAR OS DANOS DAS ENCHENTES EN 34 CONCELLOS DA CORUÑA E PONTEVEDRA

- As obras centraranse na limpeza das marxes, canles e leito dos ríos, retirada de residuos, movemento de terras e pavimentación para acceso a canalizacións
- O conselleiro e representantes de Augas de Galicia mantiveron reunións cos alcaldes para determinar a prioridade dos traballos

O conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, informou hoxe o Consello da Xunta das actuacións destinadas a solventar a situación de perigo ocasionada polas inundacións dos pasados meses de outubro e novembro en varios concellos das provincias de Pontevedra e A Coruña.

A Consellería, por medio da Administración hidráulica de Galicia, investirá 7.960.637 euros na realización destas obras, algunhas delas xa en execución. Nos concellos da Coruña desenvolveranse actuacións por valor de case 960.000 euros, mentres que as axudas destinadas á provincia de Pontevedra superan os 7 millóns de euros.

Estas axudas inclúense no decreto de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas nos meses de outubro e novembro en Galicia, aprobado polo Consello da Xunta, e que inclúe actuacións que desenvolverán varias consellerías do Goberno galego.

As medidas de recuperación dos ríos, que realizará a Consellería de Medio Ambiente, foron debatidas cos alcaldes dos 34 concellos afectados nas reunións que mantiveron co conselleiro, Manuel Vázquez, e cos representantes da Administración hidráulica de Galicia. Nestas xuntanzas decidiuse a coordinación dos traballos que se van desenvolver e a prioridade das zonas de intervención.

As actuacións consideradas de emerxencia, e polo tanto de maior prioridade para a Consellería, consisten na apertura de leitos, limpeza destes e retirada e transporte de residuos aos vertedoiros. Estes traballos continuarán coa protección dos leitos, mediante a súa limpeza e a roza da maleza das marxes dos ríos para a súa ampliación, así como movemento de terras, limpeza de canles e levantamento de pavimento para acceso a canalizacións.

En Pontevedra, as obras realizaranse en ríos dos concellos de Baiona, Campolameiro, Cotobade, Oia, Sanxenxo, Cangas, Catoira, Cerdedo, Gondomar, Meaño, Moaña, Poio, Barro, Caldas de Reis, Meis, Pontevedra, Portas, Ribadumia, Soutomaior, Valga, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa.



Na provincia da Coruña, os municipios que se beneficiarán das actuacións de emerxencia nos ríos son Bergondo, Cee, Corcubión, Dumbría, Trazo, Padrón, Brión, Teo, Ames, Betanzos, Vimianzo e Rianxo.